

## Remo, as claves do éxito

**P**residente, delegado, adestrador e remeiro. Así se define José María Hermida (Chema), a faciana máis coñecida do Club de Remo Cedeira. Pero despois de conversar un rato conclúese que é tamén o artífice do bo rumbo dunha entidade fundada en 1960 e que nos últimos anos vén de acadar moitos e importantes éxitos deportivos para o conxunto do pobo cedeirés. Unha boa política social -nunca se deixa a un neno sen facer deporte por non ter recursos- e un moi axustado prezo da cota -sete euros por cada un ao mes- son tamén factores a ter en conta nos triunfos.



Se a todo o anterior se lle suman a profesionalidade e ilusión de rapaces e técnicos lévanse mellor as carencias, porque habelas hainas. A cesión, por parte de Portos de Galicia, da antiga lonxa garantiu unhas instalacións, que “resultan insuficientes e están mal acondicionadas”, di Chema. Esta situación pode mudar na recta final do ano de recibir o club unha axuda da Xunta para facer o cambio de portas e fiestras.

Outro problema é a falta de instalacións no embalse das Forcadas, lugar de adestramento habitual para os remeiros de banco móbil. A compra dun terreo por parte da entidade e a construción dun cercado acabou no seu día co traslado diario das embarcacións, pero aínda non hai un espazo axeitado para que os rapaces se cambien de roupa. “É unha situación terceiro-mundista”, afirma con rotundidade o adestrador e presidente do Club de Remo Cedeira, que recorda en voz alta o asombro nos rapaces cando coñecen outras instalacións, como as dos clu-

bes Sevilla ou Banyoles. Aínda así a afección ao remo segue medrando. Os nenos toman contacto coa entidade a través dun cursiño que se celebra en xullo.

Nos últimos anos, incluído o mes pasado, este sistema reportou 25 novos alumnos en cada convocatoria, o que demostra o gran poder de atracción da entidade e a enorme popularidade que o remo ten en Cedeira. Son rapaces que se inician nesta modalidade deportiva na categoría de alevíns. Ademais desta, o club ten as de infantil, cadete, xuvenil, senior e veteranos. Suman 78 fichas.

Nun principio, os deportistas máis novos só teñen clases tres días a semana e non se incentiva especialmente a competición. Iso chegará máis adiante, cando con 15 o 16 anos xa se lles esixen resultados nas moitas competicións nas que participa o club. E está en case todas as que se celebran en España e norte de Portugal, sexa na modalidade de banco móbil, tamén chamado remo

olímpico (skif e scull), ou na de banco fixo (batel, traineira e traineiriña). Ángel Cardamas, vicepresidente da entidade, está ao fronte desta especialidade.

Moi ben se están a facer as cousas cando os deportistas do club sempre están entre os mellores. Así o di a longa carreira de éxitos deste ano. Entre os moitos logros acadaron tres ouros, dúas pratas e dous cuartos postos no campionato galego de remoergonómetro; foron o primeiro e o terceiro clasificados na competición de bateis celebrada na Cabana e fixéronse co terceiro posto no campionato galego, na categoría senior. O club é o actual campión do trofeo Principado de Asturias na modalidade catro scull infantil masculino e o gañador do campionato galego de remo olímpico, nas probas skiff infantil masculino, e dobre scull infantil feminino. Uns éxitos que se celebran de maneira especial nunha vila “na que gusta máis remar que participar no campionato de España”, sentencia satisfeito José Hermida.

## Cedeira prepárase para o seu verán máis festivo



### O Museo Mares Cedeira e o programa de Xeorutas súmanse á oferta turística

**N**a segunda metade de agosto, a vila de Cedeira convertírase no epicentro de toda a comarca coa celebración das festas da Patroa. Trátase dun amplo programa de actos que unha vez máis organiza o Concello cun presuposto similar ao de 2015 e que inclúe música, actividades para os nenos, espectáculos de todo tipo e no que non faltarán a tradicional procesión marítima nin tampouco a xira a San Antón. Para pregoiros elixiuse a Manuel García Iglesias e Daniel Rey Piñón, integrantes dos equipos de salvamento do helicóptero do Helimer Galicia e

do Pesca II. García foi o artífice dun perigoso rescate en xaneiro.

O compromiso do goberno é informar das contas unha vez rematadas as festas, tal e como se fixo o ano pasado. Os actos da Patroa darán continuidade a un verán no que Cedeira se encheu de visitantes, como é habitual, pero no que tamén houbo outros fitos, como a inauguración do Museo Mares Cedeira, que promete converterse nun novo referente turístico ou o programa de Xeorutas, que está a acadar moito éxito. **Segue nas páx. 2, 3 e 4**

## sumario

» O servizo de aluguer de bicicletas ponse en marcha co obxectivo de lograr unha vila máis sostible **Páx. 2**

» A maioría dos turistas que visitan a vila son parellas ou familias de procedencia nacional. No mes de xullo houbo 75 consultas diarias na oficina **Páx. 4**

» O goberno logra o compromiso da Consellería de Política Social para ampliar o espazo destinado á escola infantil **Páx. 5**



» Multiplícase a oferta de campamentos deportivos, educativos e de lecer para o verán dos nenos **Páx. 5**

» LaVueltaPonaCedeiranun escaparate internacional de primeiro nivel **Páx. 6**

» O saneamento recibirá un novo impulso no municipio coa inversión de máis de 700.000 euros **Páx. 7**



## O Museo Mares Cedeira expón o pasado para ollar ao futuro

É unha cousa relativamente pequena pero que vai acabar sendo algo moi grande para a vila. Estamos a falar do Museo Mares Cedeira, unha iniciativa da asociación do mesmo nome apoiada polo Concello e a Confraría local.

Este bo augurio será unha realidade ben cedo, a dicir do éxito que conseguiu nos primeiros días de súa apertura. As xornadas de portas abertas foron de interese para máis de 3.000 persoas, o que ven apoiar a idea da que partiu de principio o proxecto: garantir a conservación do patrimonio pesqueiro e facer del unha nova fonte de ingresos a través do sector turístico.

Nun recinto de 320 metros cadrados situados nos baixos do pósito local teñen cabida máis de 3.000 obxectos, todos cedidos por veciños e afeccionados. Este foi no caso de Manuel Suárez, que non tivo reparos en donar unha das coleccións máis completas de España en cunchas para que agora todo o mundo poida vela e apreciala. Máquinas de antigos barcos pesqueiros, aparellos, libros de contabilidade e obxectos curiosos, como unha botella chea de auga, cerámica e lentes



atopados entre as redes son algunhas das moitas curiosidades que os visi-

tantes poden ollar nun recorrido ben documentado e ameno.

### ....Capital do percebe....

O percebe é un crustáceo e tamén un sinal de identidade do pobo de Cedeira. Unha poboación con sabor a mar, como o marisco, e moi apegada á terra, como o percebe que se cría adherido ás rochas. Por iso non é de estrañar que a festa gastronómica da vila teña como reclamo ao rei do marisco, un produto do que na última edición se serviron unhas 4.500 ra-

cións. Moitas foron as persoas que se deixaron ver no porto na Festa do Percebe. Por el tamén pasaron o presidente da Deputación, Valentín González; o director xeral de Pesca, Juan Maneiro; o alcalde, Pablo Moreda, e a patroa da Confraría, Lucía Villar. Todos coincidieron en sinalar que Cedeira é a capital do percebe, tanto polo sabor como pola calidade do produto.

## O aluguer de bicicletas pretende lograr unha vila sostible e saudable

A praza da Marieta, o pavillón e o Pacete da vila son os tres emplacements de nova referencia no día a día da vila cedeira. Nestes puntos atópanse as estacións do servizo de aluguer de bicicletas que o Concello puxo en funcionamento como alternativa saudable ao uso de coche para pequenos desprazamentos, un costume moi pouco saudable, na opinión do goberno municipal.

Unha ducia de unidades xa están dende hai uns días ao alcance de veciños e visitantes por prezos que oscilan entre os 15 e 40 euros, en función da duración do contrato. O servizo está operativo de luns a domingo de nove da mañá a dez da noite.

Na páxina web ([www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal)) existe un enlace que dá acceso ao sistema. Os trámites para o aluguer tamén se



poden levar a cabo na oficina do pavillón deportivo.

## Máis de 700.000 euros para mellorar a rede de saneamento

Unha das obras que o goberno cedeirés considera prioritaria para este mandato, a mellora da rede de saneamento e a optimización do funcionamento da EDAR, atópase xa moito máis preto. O Concello vén de firmar coa Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio un acordo polo que se garante a inversión de 733.650 euros procedentes de fondos europeos neste proxecto.

A obra consistirá na construción dunha nova rede separativa de pluviais e residuais. Os actuais colectores reservaranse exclusivamente para dar saída ás augas fecais, mentres que a nova conxunción recollerá a auga da chuva.

No mesmo acordo inclúese a renovación do tramo do colector que parte do polígono da Xunqueira, no que na actualidade se producen filtracións que fan precisa a impermeabilización dos pozos de rexistro da rede.



O goberno ten como prioridade seguir mellorando as obras de saneamento porque estas redundan nun beneficio para o conxunto dos veciños. Así, indica que dando prioridade a estes temas consiguense resultados bos para todos, como ter uns areas de augas limpas.

O Concello cedeirés colaborará facendo a rede separativa de pluviais e fecais na rúa As Pontes de García Rodríguez e levando a cabo algunhas melloras nas estacións minidepuradoras que dan servizo aos núcleos poblacionais dos lugares de Cervo e A Corredoira.

### Obras de reparación da pasarela da Madalena

A Demarcación de Costas de Galicia anunciou para setembro o inicio das obras de mellora comprometidas co Concello no entorno da praia da Madalena. Inclúen o tratamento dos ríos, a recolocación da barreira de protección contra a erosión, mellora dos accesos e a diminución da cota da duna artificial, seguindo as directrices do Servizo de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente. Trátase de recuperar o ecosistema para as especies de fauna e flora eliminando as plantas invasoras. A diminución da pendente potenciará a adaptación e reprodución destas especies e mellorará a seguridade da praia. Costas mostra a súa disposición a explicar xunto co Concello aos veciños as actuacións que se prevé acometer no borde litoral.

### Información nas praias

As praias da Madalena e Area Longa aloquen os carteis informativos que dan conta do estado das súas augas segundo as análises realizadas pola Consellería de Sanidade. O Concello colocou un destes avisos en Area Longa e cinco na praia da Madalena, polas súas maiores dimensións. Sendo como é unha das prioridades do goberno avanzar nas obras que permitan mellorar a calidade das augas, o seu obxectivo é ter informados tamén aos veciños dos resultados das análises que periodicamente realiza a Xunta de Galicia para controlar a situación das praias.

Por outra banda, para lembrar a necesidade de cumprir a ordenanza municipal de animais, o Concello está a levar a cabo a campaña "As súas necesidades,

as túas obrigas", co obxectivo de concienciar á poboación da retirada dos excrementos caninos de rúas, prazas e xardíns. Así, colocáronse varios carteis lembrando esta obriga e informando tamén das multas que se imponen polo seu incumprimento, que oscilan entre os 60 e os 500 euros. A normativa de animais establece unha serie de períodos nos que os cans non poden estar nas praias, e para informar deste regulamento colocáronse tamén carteis nos areas. Estes lembran que entre o 1 de xuño e o 30 de setembro non se poden levar animais á praia entre as dez da mañá e as dez da noite, xa que nestas horas resérvase para os bañistas. Esta mesma norma está en vigor as fins de semana do 1 de abril ao 30 de outubro e na Semana Santa.



# O Concello terá na Vuelta o seu mellor escaparate internacional

Xa o explicou o alcalde, Pablo Morada Gil, no saúdo da revista que Unipublic edita con motivo da Vuelta Ciclista a España 2016: "Es un orgullo para este municipio acoger un final de etapa de la que sin duda es una de las pruebas más importantes del calendario ciclista tanto nacional como internacional".

Esta oportunidade chegará ao concello cedeirés o día 23 de agosto convertida nunha serpe multicolor e unha xornada que o goberno local quere que pase a ser recordada como un día para a historia do municipio e da competición deportiva.

Recursos hainos, e dos mellores, xa que as imaxes que chegarán a medio mundo non serán outras que as que conforman a fermosura e singularidade da garita de Herbeira, onde a organización fixou o final da etapa Betanzos-San Andrés de Teixido. Un aliciente pero tamén unha gran responsabilidade á hora de velar pola



seguridade de ciclista e afeccionados. Dende hai tempo efectivos de Policía Local e Protección Civil veñen traballando no dispositivo que terá como obxectivo facilitar o acceso coas máximas garantías. Unhas 18 persoas

formarán parte do mesmo e a Policía aconsella a veciños e afeccionados que vaian con tempo ao lugar de chegada -alomenos con dúas de antelación- porque despois os accesos permanecerán cortados.

## Os colexios prepáranse para o curso

O Concello de Cedeira traballa en colaboración con distintas administracións para mellorar as instalacións dos colexios e co inicio do novo curso escolar os nenos e profesores atoparán xa algunhas obras executadas. É o caso das novas ventás colocadas en seis das aulas do Nicolás del Río con fronte á praia, as que máis sufren os efectos dos temporais.

A Consellería de Educación levou a cabo estas obras con cristais de gran calidade, de xeito que non só mellorará o aillamento acústico e se evitará a entrada de auga e mesmo area que se viña producindo, senón que os traballos redundarán nunha maior eficiencia enerxética. Estas obras acomete-

ránse progresivamente noutras aulas ata completar o total de vinte que dan á praia. O Concello, pola súa banda, complementará esta inversión da consellería co pintado destas seis aulas e doutras dúas -atendendo as prioridades establecidas pola dirección do centro- dentro do programa de mantemento que é da súa competencia. Estes traballos levaranse a cabo no mes de agosto, o mesmo que a reparación de humidades, tellas e revisión das ventás máis antigas do colexio do Areal.

Ademais, dentro do convenio coa Deputación Provincial da Coruña acometerase a inversión prevista para o parque infantil do Nicolás del Río, cunha porta de acceso que o separe da zona de

recreo do centro para aumentar a súa seguridade.

Xa no exterior colocárase unha barreira corredeira que ten como finalidade evitar que os nenos poidan acceder directamente á calzada cando saen do colexio, véndose obrigados a camiñar pola beirarrúa. Esta barreira estará aberta no horario de entrada ou se é necesario que acceda algún vehículo de emerxencia ao suministro, e pechada á hora da saída das clases. Estas dúas obras da Deputación supoñen unha inversión de 19.000 euros e faranse durante o curso. Na escola infantil da rúa Ortigueira o mesmo organismo destinará máis de 16.000 euros a xogos adaptados para nenos de ata tres anos.

# Música, espectáculos e tradicións para gozar de moitos días de festa

Moitos días festivos están por vir na segunda metade do mes de agosto. A vila prepárase para celebrar a festividade da súa patroa cun apretado calendario de tradicións e actuacións. Como xa acontecera o ano pasado, o Concello asume a organización do programa, que arrincará o venres 12 coa lectura do pregón, a cargo dos tripulantes do Helimer Galicia Manuel García Iglesias e Pesca II Daniel Rey Piñón, ás oito da tarde. As actuacións de Black Rose e Five Strings Band serán ás 22.00 e 00.00 horas, respectivamente.

Na xornada do sábado a actividade dará comezo ás 16.30 horas, pero despois non haberá descanso ata a madrugada. As primeiras horas estarán adicadas aos xogos tradicionais. A

praza do Floreal acollerá o espectáculo Fumán Músicoloco (20.00 horas), mentres que a praza Roxa será escenario da actuación de Xabier Díaz e Adufeiras do Salitre (22.30 horas). O día finalizará coa música de Barefoots.

O domingo haberá o espectáculo "Desastronauts" na praza Floreal (20.00 horas) e concertos na praza Roxa, de 22.00 ás 03.00 horas, coa celebración da verbena galega. Isabel Risco presentará a Os Modernos e O sonoro Maxín.

O día da patroa haberá misa cantada polo coro Herbeira (12.00 horas) e procesión relixiosa coa Banda Pro Cedeira. O programa da tarde arrincará co espectáculo Peter Punk na praza

Floreal (20.00 horas), mentres que o da noite incluírá as actuacións das orquestras Nueva Fuerza na praza Roxa e Acherízate na da Revolta. A gran tirada de fogos artificiais comezará a partir das 00.00 horas.

A procesión marítima será o martes 16. Sairá ás 12.00 horas e terá como acompañamento musical á Banda Vila de Cedeira. Pola tarde, a praza Floreal acollerá o espectáculo Mundo Mandarina (20.00 horas) e pola noite actuará a orquesta Saudade na praza Roxa, a partir das 22.00 horas. As festas deste verán 2016 despediranse o día 17 coa xira campestre de San Antón do Corveiro. Xa de regreso á vila, os que aínda teñan forzas poderán bailar as últimas pezas da man da orquesta Cinema.

## Xabier Díaz trae a Cedeira un proxecto que naceu na vila

Xabier Díaz é un dos nomes propios da música tradicional galega. Antigo cantante de Berrogüeto, Díaz leva xa tempo explorando en solitario un novo camiño profesional con traballos de marcado carácter popular e unha gran riqueza musical. Actuará o día 13 en Cedeira con Adufeiras de Salitre.

*Que papel xogan as voces femininas de Adufeiras de Salitre e a percusión no teu estilo musical?*

As voces e a percusión son o eixo sobre o que xira todo o proxecto, e curiosamente parte do mesmo naceu hai moitos anos en Cedeira, onde eu impartía aulas de canto e percusión, creo que é o que lle confire un ADN especial, un selo diferente a este traballo.

*Que poderán escoitar os que se acheguen a Cedeira o día 13?*

Van escoitar case todos os temas incluídos en The Tambourine Man, e algúns máis que conforman o repertorio de directo e que están re-



lacionados cos anteriores, a procedencia en tódolos casos é popular... a cocina nosa.

*Preparas xa un novo traballo?*

Estamos a traballar no novo repertorio... pero aínda é cedo para falar del, creo que falta todavía moito recorrido deste traballo coas Adufeiras de Salitre.



## A participación dá conta do éxito das Xeorutas

Mesmo o propio goberno reconece estar sorprendido polo éxito que están a ter as Xeorutas, unha iniciativa coa que a xeoloxía abre novos camiños dentro do sector turístico. Así o veñen a demostrar as cifras relativas ao primeiro mes de funcionamento do programa. Un total de 170 persoas coñeceron xa a praia de areas negras, viaxaron pola ruta do cromo e descubriron a sensación de estar unidos á natureza paseando polos cantís máis altos da Europa continental.

En todas as viaxes o xeólogo Francisco Canosa estivo e seguirá estando á fronte das saídas. Dúas cousas cabe destacar con respecto aos datos aportados por un experto agora reconvertido en guía: máis da metade dos participantes veñen de fóra da contorna (Vigo e Ourense sobre todo) e estes resultados non fan outra cousa que confirmar a viabilidade do Xeoparque, un proxecto máis ambicioso pero de similar xenética.

A xente que vén de fóra aproveita a viaxe para facer as tres rutas ao longo da fin de semana, mentres os veciños, especialmente os de Teixedelo, aplauden a decisión do Concello por entender que serve para promocionar a Cedeira máis rural. Son algúns dos comentarios que Canosa vai recollendo entre os participantes nas rutas.



O xeólogo apunta que a da praia negra é a que xenera unha maior concurrencia de visitantes. De feito, para garantir a reserva é mellor inscribirse con varios días de adianto á data prevista para facela.

A páxina web oficial do Concello de Cedeira ([www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal)) é o conduto regulamentaria para apuntarse á realización destas rutas, cun máximo de 20 participantes, agás na ruta das Praias Negras, onde serán 15. O programa de Xeorutas estará operativo ata o mes de setembro, cun parón provisional durante as festas patronais.

## O turismo en Cedeira é nacional e familiar

Parellas ou familias de orixe nacional son o prototipo do turista que teñen interese por coñecer Cedeira. Así o din as estatísticas que levan facendo na Oficina de Turismo dende hai case 25 anos. Este servizo municipal foi crecendo en función das necesidades. Agora, o punto de información pode recibir unha media de 75 consultas diarias en tempada alta, a que corresponde aos meses de xuño e xullo.

En xullo foron máis de 1.500 persoas as que atravesaron as portas do Palacete, edificio que acolle a oficina, en busca de información relativa a cousas que ollar, lugares que visitar ou posibles aloxamentos. As novas tecnoloxías tamén simplifican algunhas necesidades. Os turistas viaxan coas reservas feitas.

Galicia, Madrid, País Vasco e este ano especialmente Andalucía son as comunidades de procedencia do turismo nacional que se achega ata Cedeira, xunto aos viaxeiros que o fan dende Castilla-León.

En canto aos extranxeiros, é o Reino Unido, seguido de Francia, o país de orixe da maioría dos turistas que pasan pola vila na procura de espazos abertos, tradicións milenarias e boa gastronomía. O turismo de fóra non é estacional, como o é o nacional. Na primavera xa é habitual a presenza de extranxeiros polas rúas e prazas de Cedeira.

A técnica de Turismo que está á fronte da oficina, Mar López Pérez, ven detectando desde hai un tempo que cada vez vén máis xente dos países do norte de Europa atraída polo que Cedeira ofrece ao visitante, natureza e tranquilidade.

## Os nenos de Cedeira vanse de campamento de verán

### Compromiso coa escola infantil e cos Servizos Sociais

As xestións do Concello de Cedeira diante da Consellería de Política Social deron como froito o compromiso deste departamento da Xunta de realizar unha memoria valorada sobre a demandada ampliación da escola infantil municipal. O obxectivo é duplicar os actuais espazos da gardería para facer unha cociña máis grande e poder dispoñer dunha nova sala de xuntas e máis almacéns.

Para levar a cabo estas obras será necesario ocupar un edificio que linda co actual e que tamén é de propiedade pública. O Concello empezará a traballar na estimación do custo das obras para coñecer as cifras reais do proxecto e ver que compromiso económico podería asumir a Consellería de Política Social. A institución municipal ten previsto destinar este ano 20.000 euros a obras de mellora na escola infantil, que na actualidade dá servizo a uns 60 nenos menores de tres anos.

As xestións coa Consellería de Política Social incluíron a posibilidade de ampliar tamén o cadro de persoal de Servizos Sociais coa disposición de crear unha praza máis e cubrir outra a media xornada.



A vila de Cedeira ofrece numerosas posibilidades de ocio e conciliación da vida laboral e familiar a través dos catro campamentos de verán que están en marcha este ano. O que organiza a ANPA Picapeixe en colaboración co Concello reúne a uns 70 nenos nas instalacións do colexio, onde a diario hai actividades orientadas a que os pequenos aproveiten o tempo libre dun xeito divertido pero tamén didáctico.

A programación do Campus Picapeixe desenvólvese de nove da mañá a dúas da tarde, con dous horarios de entrada (ás 9 e ás 11). Un día á semana practican deporte nas instalacións municipais, fixeron visitas ao Museo do Mar e ademais organizanse charlas para achegar aos rapaces a temas como a reciclaxe ou a botánica.

O Concello asumiu a contratación de tres monitores do campamento e tamén o custo da matrícula dos 18 nenos en risco de exclusión social que participan nesta iniciativa.

Pola súa banda, o Club Natación Cedeira desenvolve durante os meses de xullo e agosto un campus de triatlón no que participan entre 70 e 80 nenos de seis a quince anos de idade. Neste caso as actividades realízanse de luns a venres entre as 12 do mediodía a as dúas e media. A diario practican na

tación na piscina municipal; os luns, mércores e venres fan atletismo e os martes e xoves bicicleta, nestes dous casos no pavillón do instituto. É dicir que fan dous deportes do triatlón a diario, sempre coa natación como referencia.

A entidade Sobre Rodas adica unha vez máis o verán a organizar colonias nas que os nenos con limitacións ou discapacidades conviven cos que non as teñen, de xeito que se favoreza a integración. Desde que remata o curso escolar ata poucos días antes de que comece o novo, un grupo duns 25 rapaces realiza entre as nove da mañá e as dúas da tarde unha serie de actividades que inclúen reforzo escolar, deporte na piscina e na pista polideportiva municipais, saídas e excursións, así como visitas á biblioteca.

Da colonia de verán, que se chama Aprende e Xoga con Sobre Rodas, ocúpense os monitores Lara Romero, Elena García, Alejandra García e Dani Martínez, todos eles especializados no traballo cos nenos con discapacidades, dándolles practicamente unha atención personalizada.

Tamén o Club de Fútbol da localidade organiza un campamento de verán, neste caso centrado no denominado deporte rei. As posibilidades para os rapaces de Cedeira están abertas.

### Obradoiros de TDAH

Anhida desenvolverá desde outubro coa colaboración do Concello uns obradoiros de tratamento do Transtorno de Déficit de Atención e Hiperactividade para nenos de Primaria e ESO. Serán impartidos por dous psicólogos, una hora e media á semana e só para casos diagnosticados.

### Campaña de aparcamento

O goberno quere agradecer aos cedeireses a boa resposta á súa campaña para evitar que os coches aparquen sobre as beirarrúas. En maio colocou carteles pedido a colaboración veciñal e anunciando multas a partir de xuño, pero de momento case non foi necesario poñer ningunha.

### Revisión catastral

O Concello informa de que os 60 euros que se están a reclamar aos veciños pola revisión catastral non gardan relación co Concello, senón que son recadados por Facenda. Aínda que se atenden as consultas dos cidadáns, invitase a que chamen directamente ao 902 373 635 e 913 874 550.